

CULTURA Y TV

Carlos Negro ocupa a secretaría da Asociación de Escritores por Yolanda Castaño

la voz | santiago

A Asociación de Escritores en Lingua Galega elixiu ao poeta Carlos Negro para substituir a Yolanda Castaño na secretaría xeral da entidade, a que renunciou por motivos personais.

A elección de Carlos Negro é a única novidade da directiva da AELG, que foi reeleixida para un novo ano de mandato. Daquela, Euloxio Rodríguez Ruibal segue como presidente, Carlos L. Bernárdez de vicepresidente, e Cesáreo Sánchez, Marica Campo, Marta Dacosta, Henrique Rabuñal, Rosa Aneiros e Rafa Villar de vocais.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega pospuxo para o día 27 a assemblea que tiña convocada para o pasado día 6 por mor da repentina morte da escritora Luísa Villalta. Unha das propostas pendentes desa reunión é a concesión a Salvador García-Bodaño do premio co que distinguen unha traxectoria.

LA VOZ DE GALICIA, S.A. se reserva todos los derechos como autor colectivo de este periódico y, al amparo del art. 32.1 de la Ley de Propiedad Intelectual, expresamente se opone a la consideración como citas de las reproducciones periódicas efectuadas en forma de reseñas o revista de prensa. Sin la previa autorización por escrito de la sociedad editora, esta publicación no puede ser, ni en todo ni en parte, reproducida, distribuida, comunicada públicamente, registrada o transmitida por un sistema de recuperación de información, ni tratada o explotada por ningún medio o sistema, sea mecánico, fotoquímico, electrónico, magnético, electro óptico, de fotocopia o cualquier otro en general. M de A Coruña en el Tomo 2.438 del Archivo, Sección General, al folio 92, hoja C-2141. CIF: A 15000649

© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A. Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España) RM de A Coruña: tomo 2413, folio 84, hoja C-12502. CIF: B-15.482.177